

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALICIA

Os deputados **Juan M. Fajardo Recouso, Xosé M. Beiras Torrado, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández, Ramón Vázquez Díaz** e a deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**.

Un dos meirandes problemas que afronta o noso país, e sen lugar a dúbida o seu envellecemento e a incapacidade de xerar unha economía que permita aos galegos e galegas tomar a decisión de ter fillos na confianza de poder garantirlles unha vida e futuro digno. Ante esta situación o goberno incrementa a súa campaña publicitaria que agocha a falta de medidas concretas ou de iniciativas que permitan revertir a dramática situación, entre estas medidas están as dúas veces cacarexadas no debate do estado da Nación, Casas niño, dobremente anunciadas e das que apenas dispoñemos de datos contrastados, en canto o seu funcionamento, lugares, nenos acollidos etc.

Por todo isto, **Alternativa Galega de Esquerda (EU-ANOVA)**, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **Pleno**:

Cal é o balance da atención prestada polas casas niño en Galicia?

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 15/02/2016 19:11:03



Xosé Manuel Beiras Torrado na data 15/02/2016 19:11:10

Anton Sánchez García na data 15/02/2016 19:11:13

Ramón Vázquez Díaz na data 15/02/2016 19:11:16

Eva Solla Fernández na data 15/02/2016 19:11:18

Jose Javier Ron Fernandez na data 15/02/2016 19:11:21